

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001367	CEIP Plurilingüe de Abanqueiro	Boiro	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Comunicación e representación da realidade	6º Inf.	8	280

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	18
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
6. Medidas de atención á diversidade	19
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

1. Introducción

A práctica educativa desenvolva nas nosas aula implica a súa previa planificación e concreción na programación. A programación, polo tanto, permite ter en conta a realidade do alumnado e do medio para deste xeito levar a cabo unha ensinanza estruturada, organizada e coherente. Isto é o que se pretende con este documento.

A Educación Infantil divídese en 3 áreas para unha mellor organización, pero como o propio currículo di: "as áreas deben entenderse como ámbitos de experiencia intrinsecamente relacionados entre si, polo que se requirirá unha formulación educativa que promova a configuración de propostas globalizadas de aprendizaxe, estimulantes e que teñan interese e significado para as nenas e os nenos". Polo tanto, os proxectos desenvoltos levaranse de xeito globalizado abordando todas as áreas conxuntamente.

Este curso 2022-2023 levaremos a cabo un proxecto anual que parte do centro titulado "Mellorando o planeta dende a nosa biblioteca". Centraremos das 3R, distribuindo unha R en cada trimestre, polo que así quedaría: 1º trimestre "Reducir", 2º trimestre "Reutilizar" e 3º trimestre "Reciclar".

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1	1			1			1
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1		1			1		
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubriendo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1	1				1		
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1	1		1			1	
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1				1		1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Reducir	Traballaremos a importancia de recudir auga, papel, luz, comida, non desperdiciar e empregar só o que precisamos.	65	X		
2	Reutilizar	Traballaremos e aprenderemos a darlle unha segunda vida a diferentes elementos de refugallo, así como poñeremos en marcha a horta, semilleiro, ...	70		X	
3	Reciclar	Traballaremos os diferentes tipos de contenedores, que debemos tirar en cada un deles, como podemos empregar o composteiro para a nosa horta, ...	70			X
4	Experimentando a Educación Musical	Traballo das diferentes habilidades dende a perspectiva da Educación Musical: xogos musicais tradicionais e inventados, cancións, movemento, calidades do son, práctica instrumental...	35	X	X	X
5	Os contos, as cancións e as rutinas en inglés.	Ao longo de todo o curso iniciáronos na lingua estranxeira a través de xogos, contos, cancións e rutinas.	40	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Reducir	65

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Mostra respecto polas diferenzas	TI
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Mostra interese e gusto por comunicarse oralmente.	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Amosa respecto polas variedades lingüísticas.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Familiarízase co vocabulario traballado.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Emprega a fala para comunicarse cos demais.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Identifica algunhas palabras na nosa lingua.	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construíndo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Produce un discurso oral organizado e coherente.	
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	Mostra interese por descubrir novas formas expresivas.	
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Identifica algunhas características do texto.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Desenvolvemento progresivo grafomotriz.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Iniciarse na reprodución de textos.	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	Mostrar interese por expresarse noutras linguaxes.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Mostra gozo e interese pola biblioteca.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Goza escoitando a lectura de textos.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubrindo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Participa nas actividades de literatura.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa os seus gustos ante os demais.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Discrimina e identifica algúns sons.	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	É respectuoso coas producións ajeas.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Mostra interese polo desenvolvemento creativo.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa os seus gustos respecto a manifestacións artísticas.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Interpreta algunha mensaxe musical empregando as súas posibilidades expresivas.	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Iniciarse na interpretación de mensaxes a través da arte.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Participa na elaboración de creacións plásticas.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Expresase a través da arte musical, corporal, escrita...	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Mostra interese por descubrir as súas posibilidades expresivas.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valora as producións dos compañeiros.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Iniciase no manexo de ferramentas dixitais.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Usa a creatividade na utilización das ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.

Contidos

- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.
- Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - gozo. - Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais. - Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
2	Reutilizar	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresar de xeito artístico as súas emocións.	TI
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Emprego das diferentes linguas en contacto.	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Aprecio pola variedade lingüística.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Descubriu novo vocabulario en ambas linguas.	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Valora as posibilidades lingüísticas da contorna.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Usa as expresións convencionais básicas.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Interpreta correctamente as mensaxes dos demais.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Expresar ideas de xeito oral.	
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	Iniciarse nas transferencias lingüísticas doutras formas de expresión á oral.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Avanza na grafomotricidade.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Iniciase na produción de textos.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	Elabora algunha mensaxe escrita transferida doutra linguaxe.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Goza empregando a biblioteca.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Goza escoitando textos literarios.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Participa en actividades de achega a literatura infantil.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Mostra os seus gustos e preferencias artísticas.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Identifica e discrimina algún son.	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Interpreta algunha proposta musical.	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valora as producións dos demais.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresa as súas emocións de xeito artístico.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa os seus gustos artísticos.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Mostra interese por interpretar mensaxes musicais.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Participa nas creacións plásticas.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa os seus gustos artísticos.	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Mostra interese por descubrir as posibilidades expresivas do seu corpo.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valora as producións dos demais de forma empática.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	É capaz de interpretar algunha manifestación artística.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Recoñece algunha norma de uso das ferramentas tecnolóxicas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima. - Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Creación de textos ou enunciados orais formais e informais. - Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. - Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada. - Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases. - Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. - Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números. - Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación. - Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. - Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas. - Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación. - Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia. - Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.

Contidos

- Memorización e recitado de textos literarios.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
3	Reciclar	70

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
-------------------------	------------------------	----

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Interpreta algunha mensaxe en distintas formas de representación.	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Mostra curiosidade polo uso de diferentes linguas.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Emprega vocabulario das distintas linguas cooficiais.	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Emprega as convencións sociais básicas para expresarse.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Mostra interese por empregar a fala plurilingüe.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Mostra interese por descubrir a lingua estranxeira.	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Emprega a lingua oral para relacionarse.	
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	Expresase oralmente facendo transferencias dalgunha outra linguaxe.	TI
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Mostra interese por comunicarse a través de códigos escritos.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Progresa no desenvolvemento grafomotriz.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo	Iniciase na produción de textos.	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	Iniciase na produción de mensaxes das diversas linguaxes.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Identifica algunha característica do texto.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Goza co uso da biblioteca.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Goza escoitando textos literarios.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubriendo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Participa en actividades de aproximación a literatura infantil.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa os seus gustos artísticos.	
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Identifica algún son.	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Respecta as produción dos demais.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresase a través de diferentes manifestacións artísticas.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa os seus gustos artísticos.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Mostra interese por interpretar musicalmente mensaxes doutras linguaxes.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Participa na elaboración de producións plásticas.	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresa as súas ideas a través da arte.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Valora as producións dos outros.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	É empático co traballo dos demais.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Desenvolve progresivamente a expresión corporal.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Iniciase no uso de ferramentas dixitais.	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	É capaz a descifrar as mensaxes que se lle transmiten e a súa intencionalidade.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Busca respostas creativas co uso das ferramentas dixitais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Creación de textos ou enunciados orais formais e informais. - Escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida. - Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica. - Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. - Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas. - Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números. - Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación. - Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. - Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas. - Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación. - Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia. - Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural. - Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.

Contidos

- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.
- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

UD	Título da UD	Duración
4	Experimentando a Educación Musical	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.1 - Percibir, identificar e discriminar sons.	Percibe, identifica e discrimina sons.	TI
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Amosa dispoñibilidade, interese e traballo.	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Expresa a súa opinión de xeito respectuoso.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Expresa a súa opinión de xeito respectuoso.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa a súa opinión de xeito respectuoso.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Amosa dispoñibilidade, interese e traballo.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Amosa dispoñibilidade, interese e traballo.	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Amosa dispoñibilidade, interese e traballo.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Expresa a súa opinión de xeito respectuoso.	
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Amosa dispoñibilidade, interese e traballo.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Discriminación de sons e identificación da fonte sonora. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo. - Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos. - Utilización de sons para a interpretación e a creación musical. - Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar. - O código musical: o son, o silencio e as súas calidades. - Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras. - Aprecio da escoita musical como fonte de gozo. - Respecto polas producións alleas. - Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa. - Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas. - Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática. - Uso do baile e da danza como medios de expresión. - Respecto cara ás producións alleas.

Contidos
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.

UD	Título da UD	Duración
5	Os contos, as cancións e as rutinas en inglés.	40

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Interpreta mensaxes sinxelas en lingua estranxeira en formato dixital.	TI
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Participa en situacións de uso de lingua inglesa.	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Relacionase con normalidade a través da pluralidade lingüística.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Participa en interaccións comunicativas en lingua estranxeira.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Identifica sons en lingua inglesa.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Goza coa escoita de contos en lingua estranxeira.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía que se implantará basease nos principios de aprendizaxe activa e significativa. A observación e a experimentación será a base da aprendizaxe.

O principio de globalización será o pilar desta programación, e porase de manifesto nas diferentes propostas: proxectos, obradoiros, recantos, secuencias...

O xogo, ferramenta privilexiada de aprendizaxe estará presente na maioría das experiencias e vivencias.

Tamén estará presente no día a día a educación emocional, coa pretensión de que os nenos descubran e identifiquen as súas emocións e como manexalas.

Ofreceranse experiencias de aprendizaxe manipulativas e que sexan motivadoras para o alumnado.

Ademais de ter presentes os principios e orientacións que nos ofrece o propio currículo de Educación Infantil.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material curricular: Que foron seleccionados polo equipo de ciclo para acadar os obxectivos propostos para cada nivel.
Material funxible: ceras, rotuladores, acuarelas...
Material sensorial: mesa tuff tray, bandexas para escritura sensorial, ...
Material visual: carteis, bits, láminas, ...
Biblioteca de centro, de aula, contos libros, álbumes,...
Material artístico: pinturas, plastilina, refugallo, ...
Material de xogo simbólico
Recursos persoais: Relativos a todo o persoal que desenvolve a súa labor no centro educativo, así como as familias dos nenos/as que participan tanto de forma directa como indirecta
Contorna: todo o que nos poida ofrecer o contexto

Empregaremos diferentes recursos curriculares, funxibles, sensoriais, visuais, da bibliote,a artísticos, de xogo simbólico así como os recursos persoais e da contorna.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Entenderase como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso se levará a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas. - Análise das producións plásticas, escritas, musicais, etc realizadas polo alumnado.
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno Recalcar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temperá das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

En cada unidade/proxecto contase cunha táboa de indicadores no cal cualificaremos o grado en que o alumno acadou cada un dos ítems establecidos. Realizarase a través dunha escala de estimación cos seguintes criterios: sen dificultade, en proceso, con dificultade.

Criterios de recuperación:

Non `procede nesta etapa educativa

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade clasifícanse en ordinarias ou extraordinarias. Teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás necesidades do alumnado.

As medidas poden ser variada en función das características do noso alumnado. As ordinarias van dirixidas a todo o alumnado, pola contra as extraordinarias só ao alumnado NEAE.

Partiremos de dous principios fundamentais: o enfoque ecolóxico, sensibilizando e implicando a toda a comunidade educativa, e o enfoque inclusivo DUA (Deseño Universal de Aprendizaxe), que se entende como un modelo de ensinanza que ten en conta as necesidades de todo o alumnado. Así, baixo estes dous principios, adoptarei as seguintes medidas para atender con carácter xeral á diversidade da aula:

- Organizar o aula de forma accesible, adecuaremos tempos e rutinas en base ás súas necesidades fisiolóxicas, afectivas, de movemento e curriculares.
- Utilizar metodoloxía colaborativa e cooperativa, seguindo os principios do DUA e propoñendo diferentes medios de acceder á información, de expresarse e de motivar ao alumno.
- Adaptar os tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, usando os que mellor se adapten ás características de este alumnado.
- Transmitir a información de maneira clara, concisa e con frases/explicacións curtas.
- Secuenciar as tarefas, incluso con referencias visuais como pictos e axendas.
- Traballar con axudas directas e demostracións (traballo de modelado e imitación).
- Diseñar propostas didácticas seguindo o modelo TEACCH
- Evitar tarefas repetitivas e sen interese para o alumnado, que poden facer aparecer conductas disruptivas, a non ser o caso de aqueles alumnos que polas súas necesidades necesiten facer ese tipo de actividades para reforzar aprendizaxes e aportar seguridade.
- Primar o esforzo e non o resultado, intentando sempre aumentar a autoestima, adoitando un enfoque emocional nas actividades, tanto como medida preventiva da discriminación como medio para a valoración das diferencias.
- Ofrecer sempre situacións de éxito, para ir aumentando a dificultade progresivamente.
- Intervir educativamente sempe dende un enfoque multidisciplinar: (titoría, DO, familia ou titores legais, servicios sanitarios, sociais,etc).
- Apoio de profesorado con posibilidade horaria.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Educación para a igualdade.	X	X	X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.2 - Educación para a saúde: campañas de revisión ocular no centro, hixiene e aseo, vida deportiva.	X	X	X		
ET.3 - Educación na convivencia: xornadas e obradoiros de convivencia. Ex: obradoiro de cabazas coas familias.	X	X	X		
ET.4 - Educación ambiental: coidamos a contorno e reciclamos.	X	X	X		
ET.5 - Educación na solidariedade: levamos a cabo a carreira benéfica contra a leucemia.	X				

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións	Celebraremos todas as conmemoracións recollidas na Orde de calendario escolar.	X	X	X
Carreira benéfica contra a leucemia	Ten como fin a recadación de diñeiro pero tamén inculcar no alumnado valores como a axuda aos demais e a cooperación .	X		
Saídas	Realizaremos diferentes saídas de interese dentro do Concello así como fóra del.	X	X	X
Obradoiros e talleres	De cociña, de reciclaxe, horta, ...	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Os instrumentos de avaliación son axeitados a idade e características do alumnado.
Metodoloxía empregada
Desenvolvemos os elementos curriculares nas tarefas propostas.
Téñense en conta os intereses do alumnado.
O proceso de ensinanza adecúase as características de cada alumno.
Promove o desenvolvemento das competencias.

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A temporalización está secuenciada de forma correcta.
Medidas de atención á diversidade
Actividades axeitadas as características do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Existe coordinación entre os mestres.
Potenciase a participación das familias e a vinculación destas coa vida de aula.

Descrición:

Estes indicadores teranse presentes para analizar o proceso e posibilitar as melloras.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Esta programación será revisada e mellorada ó longo do curso segundo as necesidades e evolución da vida na aula, facendo realidade deste xeito o principio de "flexibilidade" e "apertura" de toda programación didáctica. O Equipo do segundo ciclo de Educación Infantil, será o responsable de levar a cabo a súa revisión continua ó longo do curso, modificándoa naqueles aspectos que sexa preciso.

9. Outros apartados